

**REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E
MARISQUEO**

Día: 11.05.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de maio de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas orais en Comisión

- 1.1 3728 (10/POC-000615)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a recuperación da extracción do reló ("Dosinia exoleta") nos bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017
- 1.2 5283 (10/POC-000910)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre as actuacións que vai impulsar a Xunta de Galicia para mellorar e axilizar a aplicación dos métodos químicos do programa de control de biotoxinas que se está a levar a cabo nas rías galegas, así como a súa posición en relación co bioensaio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 1.3 5311 (10/POC-000916)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre o balance da Xunta de Galicia en relación co volume de tráfico comerciais e náuticos desenvolvidos nos portos galegos no período 2013-2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.4 7416 (10/POC-001288)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións de operatividade do "Hélimer 401"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017
- 1.5 7513 (10/POC-001302)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a redución no número de capturas de marisco na ría de Pontevedra, e as medidas que pensa adoptar o Goberno galego contra a contaminación da ría

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

- 1.6 7819 (10/POC-001363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central en relación co acordo parlamentario referido á comunicación das resolucións relativas a peches precautorios ou definitivos das distintas pesqueiras reguladas no Plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste, así como as razóns do peche provisional con menos de 24 horas de antelación da pesqueira da xarda para as distintas artes de arrastre e do cerco de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017
- 1.7 8145 (10/POC-001416)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o balance que realiza o Goberno galego da xestión da pesqueira da xarda para as artes menores, a garantía da actividade da frota polo actual modelo e os datos ao respecto, así como a súa opinión en relación cos peches levados a cabo e a demanda ao Goberno central dun novo sistema de xestión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 05/05/2017 12:03:02

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 3728(10/POC-000615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a recuperación da extracción do reló ("Dosinia exoleta") nos bancos marisqueiros

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a saber que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para volver a recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros.

Os rexistros de captura de reló entre os anos 2001 e 2005 demostran que era unha especie importante para o marisqueo en Galicia pola cantidade de quilos extraídos, máis de 1.400.000 quilos pero sobre todo polos ingresos que chegaron alcanzar máis de 2.500.000 euros.

Esta situación mudou cando se constatou que esta especie acumulaba unha grande cantidade de chumbo prohibíndose a súa extracción. Dende entón diversas foron as reclamacións do sector, e de algúns grupos políticos demandando da Xunta de Galicia os estudos pertinentes para poder analizar en profundidade a problemática deste bivalvo e buscar a maneira de poder volver a extraer este molusco dado que supoñía unha perda irreparable para os ingresos de centos de mariscadores e en maior medida a partir do ano 2012 en que tivo lugar os efectos devastadores da Marteilia que acabou cos bancos marisqueiros do berberecho na ría de Arousa, Pontevedra e Vigo.

Neste contexto no ano 2014 e ante a presión do sector a Consellaría do Mar tras as mostraxes realizados trasladaba a opinión pública que nalgúns bancos marisqueiros os índices de acumulación de chumbo non alcanzaba os límites autorizados pola UE en



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:31
Nº Rexistro: 3728
Data envío: 19/01/2017 10:31:42.823

exemplares de tamaño inferior aos 35 milímetros, co cal era procedente autorizar o seu consumo con todas as garantías sanitarias.

Pero as marxes de tamaño e o control e a responsabilidade de seleccionar que individuos eran aptos e cales se desbotaban era tan complexo que o sector considerou que non era viable optando por un acordo entre sector e Consellaría que tiña o seu reflexo na campaña do 2015 onde se publicaba unha resolución que autorizaba a extraer 15 quilos de reloxito para compensar as perdas por mortalidade e redución de topes e resembrar nunhas zonas determinadas pola Consellaría, a cambio abonábanse un total de 25 euros por capazo.

Pero agora resulta que un estudo levado polo grupo Ecotox da Universidade de Vigo no que se avalía o risco que supón o consumo deste bivalvo e os resultados obtidos todo indica que a inxesta deste produto non representa perigo para a saúde o que abre unha porta a posibilidade de recuperar a súa extracción e comercialización.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Como é posible que se sexa o sector, unha vez máis o que tome a iniciativa para buscar unha solución a extracción do reló e non a Consellaría do Mar? Vai comprometer medidas para comprobar que é inocuo para o ser humano?

2.- Que tipo de medidas pensa adoptar antes estes novos e esperanzadores datos? Vamos ter unha solución de cara a vindeira campaña?

3.- Os bancos levan pechados dende o ano 2008 perdendo as/os mariscadoras/es anualmente máis de 2,4 millóns de euros. Non vai asumir responsabilidades?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:31
Nº Rexistro: 3728
Data envío: 19/01/2017 10:31:42.823

4.- O modelo de coordinación da investigación, das prioridades e sobre todo dos resultados salta polos aires. Dunha vez por todas se van adoptar medidas para que as competencias e os diferentes centros estean centrados na realidade do País? Como pensa afrontar esta dispersión de recursos e obxectivos?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2016 11:04:03

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2016 12:16:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/11/2016 12:16:13

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2016 12:16:17



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:31
Nº Rexistro: 3728

Data envío: 19/01/2017 10:31:42.823

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2016 12:16:23

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2016 12:16:27

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 5283(10/POC-000910)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar a Xunta de Galicia para mellorar e axilizar a aplicación dos métodos químicos do programa de control de biotoxinas que se está a levar a cabo nas rías galegas, así como a súa posición en relación co bioensaio

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Daniel Vega Pérez, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Galicia é a principal rexión produtora de moluscos da UE, tanto explotados en banco natural, como mediante cultivos mariños, sobre todo no que se refire ao mexillón, onde a nosa produción representa o 37% da UE.

Esta importante produción, unida ao feito de que os propios moluscos pola súa natureza filtradora, poden, en ocasións, presentar riscos para os consumidores, motivou a creación en 1992 do Centro de Control do Medio Mariño de Galicia, ao que, engadíndolle funcións e competencias, se convertería no actual INTECMAR.

Entrando en materia, por un lado, no que atinxe ás toxinas lipofílicas, INTECMAR veu traballando desde o 2009 na posta a punto, validación e acreditación da técnica analítica que hoxe é a de referencia na UE: a “*cromatografía de líquidos con detector de espectrometría de masas*”, de obrigado emprego dende o 01/01/2015.

Este método químico supón frecuentes interrupcións do traballo, ante a necesidade de proceder á limpeza dos equipos, o que engade unha maior laboriosidade a un procedemento de por si complexo, diminuindo considerablemente o fluxo de traballo.

Por outro lado, no que atinxe ás toxinas paralizantes nos moluscos bivalvos, o método oficial e de referencia, para a súa determinación en análíticas, é o bioensaio en rato. Sen embargo, a partir deste ano, a Comisión Europea substituirao por un método químico denominado a



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:19
Nº Rexistro: 5283
Data envío: 16/02/2017 18:19:57.241

“cromatografía líquida de alta eficacia con oxidación precolumna e detección por fluorescencia”.

Esta metodoloxía é moi complexa e lenta, polo que ten un moi difícil encaixe en sistemas de control que, como o noso, implican un número moi elevado de análises, nun tempo de resposta inferior ás 24 horas.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos de especial relevancia manter e amplia-lo alcance da acreditación para os diferentes ensaios realizados sobre organismos mariños, así como mellorar o sistema de control de biotoxinas, co reforzo e continuidade do traballo desenvolvido co método oficial de referencia da UE para o control de biotoxinas lipofílicas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que tipo de actuacións ten a Xunta de Galicia previsto plantexar no presente ano e a futuro, para mellorar e axilizar a aplicación dos métodos químicos do programa de control de biotoxinas que se leva a cabo nas rías de Galicia?
2. Cal é a posición da Xunta de Galicia con relación a o bioensaio?

Santiago de Compostela, 16 de Febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2017 18:17:18

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 18:17:29

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2017 18:17:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 18:19
Nº Rexistro: 5283**
Data envío: 16/02/2017 18:19:57.241

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 18:17:56

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 18:18:08

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2017 18:18:40

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2017 18:18:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5311(10/POC-000916)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia en relación co volume de tráficos comerciais e náuticos desenvolvidos nos portos galegos no período 2013-2016

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:24
Nº Rexistro: 5311
Data envío: 17/02/2017 11:24:28.460

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

É unha cuestión de todos traballar a prol de afianzar os espazos portuarios de carácter comercial nunha orientación que permita a potenciación do transporte marítimo de mercadorías. Unha máxima que ha de ser acompañada da atracción de novos tráfico e o desenvolvemento do transporte intermodal.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que é imperativo seguir apostando por avanzar na conversión dos nosos peiraos en auténticas plataformas de distribución e centros de intercambio de mercadorías entre transportes marítimo, ferroviario e por estrada.

Mais non só no aumento do volume de tráfico debemos traballar. Temos que perseverar tamén no desenvolvemento dunha estratexia destinada a atraer e potenciar ao sector náutico mediante a disposición de peiraos axeitados, en condicións de espazos recreativos e deportivos de primeiro nivel.

Isto se plasma nos milleiros de atraques dispostos ao longo dos 122 portos da nosa estrutura portuaria autonómica, os cales permiten fomentar o emprego e dinamizar economicamente as zonas costeiras.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:24
Nº Rexistro: 5311
Data envío: 17/02/2017 11:24:28.460**

Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia sobre o volume de tráfico comerciais e náuticos desenvolto nos últimos catro exercicios (período 2013 - 2016)?

Santiago de Compostela, 17 de Febreiro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 17/02/2017 11:16:59

Teresa Egerique Mosquera na data 17/02/2017 11:17:35

María Ángeles Garcia Míguez na data 17/02/2017 11:17:51

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/02/2017 11:18:01

Alberto Pazos Couñago na data 17/02/2017 11:18:13

Marta Rodríguez Arias na data 17/02/2017 11:18:31

Daniel Vega Pérez na data 17/02/2017 11:19:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 7416(10/POC-001288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións de operatividade do "Hélimer 401"

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O 2 de xuño de 2016, a Axencia Europea de Seguridade Aérea (EASA) prohibiu a actividade dos helicópteros do modelo *Eurocopter Super Puma H225*, despois do accidente dunha aeronave destas características no Mar do Norte, en Noruega, desde esa data O Helimer 401, quedou paralizado.

Esta suspensión foi levantada o 7 de outubro, para os *Eurocopter Super Puma H225*, para aqueles aparatos que tivesen as engraxes cambiadas e baixo a condición de revisión diaria.

Dende Salvamento Marítimo, en outubro, indicouse que o Helimer 401 estaría en funcionamento a principios de 2017: “O helicóptero recuperará a condición de aeronabilidade a partir do próximo mes”. Non obstante, a día de hoxe, segue paralizado, tras case 10 meses de inactividade.

Hai que ter en consideración que no momento da súa adquisición indicouse, en relación ás súas características técnicas que o Helimer 401, era “unidade de gran porte coas máis modernas prestacións”. Supuxo un investimento de 24 millóns de euros.

A realidade é que a día de hoxe segue sen estar en funcionamento, e non dispoñemos de información ao respecto, por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a situación actual do Hélimer 401?

2ª) Mantivo o Goberno galego contacto co Ministerio de Fomento para coñecer as previsións da operatividade da nave?

3ª) No caso de que non se poda poñer en funcionamento que outras alternativas hai para modernizar o equipo aéreo de salvamento marítimo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7416



Data envío: 31/03/2017 10:44:09.143



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 10:42:02

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 10:42:21

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 7513(10/POC-001302)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a redución no número de capturas de marisco na ría de Pontevedra, e as medidas que pensa adoptar o Goberno galego contra a contaminación da ría

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**, relativa á redución do número de capturas de marisco na ría de Pontevedra.

A situación do sector marisqueiro na ría de Pontevedra pasa por momentos críticos. Os altos niveis de contaminación presentes na ría, unido á incapacidade ou deixadez das administracións públicas para realizar un plan de saneamento efectivo da mesma, está levando á ruína aos mariscadores e mariscadoras da zona.

Un exemplo claro de que a ría ten altos niveis de contaminación atopámolo en marzo do ano 2016, cando a Xustiza europea sentenciou que a ría de Pontevedra incumpre o tratamento de augas, afirmando que persisten os verquidos incontrolados á ría e que isto conleva un indudable risco para a saúde pública.

Esta situación vese reflexada na capacidade produtiva dos campos marisqueiros xa que, por exemplo, entre os 2009 e 2016 as capturas de ameixa babosa reducíronse un 88,47%, as de ameixa fina un 60,52% e as de verbero a frioleira cantidade de 97,1%. Estes resultados demostran que estamos ante un problema real, non ante interpretacións. Deixar morrer a todo un sector do que dependen centos de postos de traballo directos e outros tantos indirectos, representa unha irresponsabilidade por parte de todas as Administracións públicas.

A Xunta de Galicia debe abordar esta situación dunha vez por todas e arranxar o problema que a contaminación representa para a ría porque, como acabamos de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 18:07
Nº Rexistro: 7513
Data envío: 03/04/2017 18:07:37.846



ver, o marisco morre e con el o sustento de moitas familias que viven do mar.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para ao seu debate en Comisión:

- Considera o Goberno galego que a mortandade de marisco da ría de Pontevedra está relacionada coa contaminación?
- Ten pensado o Goberno da Xunta adoptar medidas inmediatas para conseguir o saneamento da ría?
- Cree que a localización de ENCE afecta á contaminación da ría?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/04/2017 18:06:42

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/04/2017 18:06:51

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 7819(10/POC-001363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central en relación co acordo parlamentario referido á comunicación das resolucións relativas a peches precautorios ou definitivos das distintas pesqueiras reguladas no Plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste, así como as razóns do peche provisional con menos de 24 horas de antelación da pesqueira da xarda para as distintas artes de arrastre e do cerco de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**.

A Secretaría Xeral de Pesca anunciou o día 4 de abril o peche provisional e precautorio da pesqueira de xarda para as artes distintas de arrastre e cerco da provincia de Pontevedra, cando a apertura da mesma se fixo a finais de marzo. Este peche entraría en vigor, antes de cumprirse as 24 horas do seu anuncio.

Hai que ter en conta, que unhas 40 embarcacións se viron afectadas, de modo que tiveron que regresar do Cantábrico tras pescar, no mellor dos casos unicamente cinco días.

Para estes desprazamentos foi preciso facer contratacións ou investimentos, como pode ser o combustible. Pero é preciso ter en conta, que a actividade pesqueira non deixa de ser unha actividade empresarial. E, como en toda actividade empresarial faise precisa certa planificación. Sobre a base desta, pódense facer, precisamente estes investimentos, contratacións, etc.

Hai que ter en conta que na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 29 de decembro de 2016 aprobouse a iniciativa 743 (10/PNC-000058), co seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que asuma o compromiso de comunicar as resolucións sobre peches precautorios ou definitivos das distintas pescaerías reguladas no plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste, como mínimo con 48 horas de antelación á data e horario en que teñan efectividade e



Grupo Parlamentario

sempre antes das 15.00 horas, para facilitar ás federacións de confrarías o traslado delas aos profesionais do mar e/ou aos buques afectados.»

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Ten realizado o Goberno galego algún tipo de xestión co Goberno central para que as comunicacións se realicen de acordo co texto aprobado na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 29 de decembro de 2016?

2ª) No caso que se tiveran realizado algún tipo de xestión, como explica o peche realizado o día 4 de abril con menos de 24 horas de antelación?

3ª) Vai esixir o Goberno galego algún tipo de compensación ao Goberno central polo peche realizado o día 4 de abril con menos de 24 horas de antelación?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2017

Asdo.: María Dolores Toja Suárez,
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/04/2017 12:05:13

Julio Torrado Quintela na data 10/04/2017 12:05:22

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 11.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 8145(10/POC-001416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o balance que realiza o Goberno galego da xestión da pesqueira da xarda para as artes menores, a garantía da actividade da frota polo actual modelo e os datos ao respecto, así como a súa opinión en relación cos peches levados a cabo e a demanda ao Goberno central dun novo sistema de xestión

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8145
Data envío: 20/04/2017 17:56:19.497

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a coñecer o balance que realiza o Goberno galego dos peches da xarda para artes menores levados a cabo no ano 2017.

Dende que se estableceu o novo modelo de reparto estamos a vivir un sinvivir na pesquería da xarda. Das 1.020.996 ton. que se repartiron na NEACF ao Estado español correspondéronlle 38.010 ton., as cales hai que descontarlle 5.553 ton., quedando a ridícula cota de 32.446 ton.

O reparto é tan discriminatorio que este ano tivemos que ver como federacións provinciais como a de Lugo e A Coruña optaban por xestionar a súa cota, dado que lles favorecía en comparación a outras como Pontevedra. Unha iniciativa avalada polo recente presidente da Federación española de confrarías, o que pon de manifesto o modelo que vai defender o señor Basilio.

No sector de artes menores, as embarcacións que teñen como obxectivo esta especie puidemos comprobar a ruína do mesmo por ter que desprazarse ao Golfo de Viscaia, cos custes que tiveron, algunha pequenas embarcacións que tiveron que trasladar os seus barcos en camión e o pouco que durou a pesquería, por non falar que desenvolveron a súa actividade ao lado de outras flotas en condicións discriminatorias. Un mesmo barco galego, pescando a beira dun basco coas mesmas características, os



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8145
Data envío: 20/04/2017 17:56:19.497

mesmos tripulantes tivo dereito a pescar menos cantidade de xarda, menos días e no peor dos casos cando o prezo baixa a menor prezo que un barco basco ou cántabro. Este o modelo que defende o Goberno galego.

Pero si esta tropelía non fose suficiente, decrétese un peche precautorio na Coruña, por terse esgotado a cota para pesca accidental, que con anterioridade estaba limitada a 300 quilos a semana. Si esta medida era desproporcionada a do peche precautorio significa que as nosas embarcacións teñen que tirar ao mar a xarda pescada accidentalmente mentres outras embarcacións a poden pescar libremente nas nosas augas e descargarlas nos nosos portos con total legalidade.

Isto fainos reflexionar sobre o modelo de xestión dunha pesquería estratéxica para o sector de artes menores como a da xarda, das medidas que se veñen impoñendo dende a Comisión europea, da xestión realizada polo Magrama e a inactividade por parte da Xunta de Galiza, que é incapaz de definir unha estratexia para conseguir o mantemento da actividade da nosa flota e blindar o emprego que xera.

O ano pasado o peche para artes menores foi o 27 de agosto, e para solventar o problema o sector tivo que solicitar un adiantamento da cota para poder facer fronte a unha medida desproporcionada, levada a cabo con total improvisación que deixou ao pairo a unhas 400 embarcacións galegas. Este ano as artes menores contaron cun modelo de reparto individual por provincia e de novo asistimos ao peche provisional o pasado 13 de marzo sen ter en conta que esta é unha pesca accidental, que unha vez morta a xarda hai que tirala ao mar, que este despropósito imposibilita a actividade de artes como as vetas, os trasmallos e os miños. Ao enmallar a xarda, impide a pesca doutras especies, e o que é peor a faena estriba unicamente en tirar o peixe morto ao mar en vez de poder pescar outras especies convertendo a actividade en ruínosa e ilegal.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8145
Data envío: 20/04/2017 17:56:19.497

Unha situación kafkiana onde a Federación na vez de reclamar a exención de cota, bóttalle a culpa aos armadores por non transmitir os datos e onde a Xunta de Galiza está totalmente ausente, sen tomar ningunha medida que resolva o problema e garanta a actividade dos nosos pescadores.

Ponse en evidencia unha xestión calamitosa, con un goberno galego sen iniciativa, incapaz de garantir os ingresos e o mantemento do emprego, con situacións discriminatorias e medidas de peche abusivas que unicamente contribúe á perda dun dereito de pesca histórico, a someter ao sector a unha pesca irregular e o abandono da actividade.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que balance realiza da xestión da pesquería da xarda para artes menores?

-Este modelo garante a actividade da flota?

-Cantos días puido faenar unha embarcación adicada á pesca dirixida?

-Cantos quilos puido pescar unha embarcación galega? E unha cántabra ou basca?

-Cantos ingresos puido alcanzar as nosas embarcacións en contraposición a outras doutras comunidades?

-Considera razoable o peche para artes menores?

-Trasladoulle a Xunta de Galiza algunha queixa ao Goberno estatal por esta situación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8145
Data envío: 20/04/2017 17:56:19.497

-Demandou outro modelo que tome medidas antes de ordenar o peche?

-É este un modelo de control do esforzo pesqueiro acaído aos tempos que corren? Quen vai asumir a responsabilidade de tanto desatino?

-Para que serve a Xunta de Galiza se non é quen de defender un sistema que garanta unha actividade en igualdade de condicións e que exclúa a pesca accidental de estar sometida a cotas?

-Non debería dimitir alguén por tanta irresponsabilidade e improvisación e someter ao sector a unha actividade onde ten que tirar o peixe morto ao mar ou pescalo irregularmente?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Registro: 8145
Data envío: 20/04/2017 17:56:19.497

María Montserrat Prado Cores na data 20/04/2017 17:47:39

Noa Presas Bergantiños na data 20/04/2017 17:47:43

Olalla Rodil Fernández na data 20/04/2017 17:47:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/04/2017 17:47:50

Xosé Luis Bará Torres na data 20/04/2017 17:47:54

Ana Pontón Mondelo na data 20/04/2017 17:47:57